

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A INDUSTRIA RESPALDA O SIMPOSIO INTERNACIONAL DE XENÉTICA EN ACUICULTURA QUE ORGANIZA A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO CO APOIO DO CETMAR

- ***As principais empresas galegas de piscicultura participarán neste evento, que terá lugar do 21 ao 27 de xuño na institución académica galega e que reunirá aos máis destacados expertos mundiais nesta materia***

Vigo, 30 de marzo de 2015.- A duodécima edición do Simposio Internacional de Xenética en Acuicultura que organiza a Universidade de Santiago de Compostela coa colaboración da Fundación CETMAR conta xa co respaldo da industria galega de piscicultura. As principais empresas do sector comprometeron o seu apoio ao evento tanto a través do Cluster de Acuicultura de Galicia, como a título individual no caso de empresas coma o Grupo Pescanova, Stolt Sea Farm e Pizolla.

O simposio, que terá lugar na universidade compostelana do 21 ao 27 de xuño coa presenza dos principais expertos mundiais en xenética en acuicultura, conta ademais co respaldo do sector da biotecnoloxía tanto por parte de empresas locais (Genequa, Xenética Fontao ou Suministros Costoya) como multinacionais (Affymetrix, Illumina ou Eurofins Medigenomix), e de centros tecnolóxicos como The Center for Aquaculture Technologies con sede en San Diego (California).

Presidido polo catedrático Paulino Martínez e formado por membros do grupo de investigación ACUIGEN do departamento de Xenética da Facultade de Veterinaria de Lugo, o comité organizador do ISGA 2015 está levando a cabo un importante esforzo para fomentar a participación das empresas. O fin último é reforzar o vínculo entre academia e industria para que as ferramentas desenvolvidas neste campo sexan finalmente aplicadas e produzan os beneficios esperados para a economía, o medio ambiente e a sociedade.

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR está a colaborar dende hai xa máis de un ano coa Universidade de Santiago na organización do congreso, aberto á participación de todo tipo de profesionais con interese en coñecer os últimos avances en xenética aplicada á acuicultura (www.isga2015.com). O evento conta ademais co respaldo da Xunta de Galicia, que proximamente materializará o seu apoio ao mesmo a través da firma dun convenio de colaboración.

A axenda do simposio conta cun día especialmente dedicado á industria. Será o mércores 24 de xuño, cando terá lugar unha mesa redonda sobre transferencia de tecnoloxía. Durante esta reunión, o secretario xeral da Federación de Produtores Europeos de Acuicultura, Courtney Hough, debaterá con outros participantes na mesa e cos asistentes sobre as prioridades da industria de Europa respecto da investigación en xenética neste sector de actividade.

Está previsto ademais invitar a todas as empresas que o desexen, estean a participar ou non nas restantes actividades do ISGA, a solicitar entrevistas con investigadores presentes no simposio a fin de poder explorar posibles vías de colaboración.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.

